

Programa de
Acollida do CEIP
Vicente Otero
Valcárcel
(Carral)

Curso 2021 - 2022

O equipo directivo elaborará un **Programa de Acollida** tal e como se recolle na disposición xeral segunda das Instrucións de inicio de curso contempladas na Resolución do 17 de xuño de 202. Será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera no inicio deste curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial..

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa para que se realicen as achegas previamente á celebración do Claustro de Mestres e o Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

CONTIDO

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
Entradas/saídas	<p>ENTRADA:</p> <p>O alumnado transportado entrará polo portalón do bus e accederá ao colexio: 4º EI, 5ºEI e 6º EI polo vestíbulo do centro.</p> <p>O alumnado de EP transportado, entrará polo portalón do bus e accederá ao colexio: 1º AB, 2º AB, polas escaleiras de emerxencia situadas no patio cuberto, ás súas aulas. 3ºAB polo vestíbulo para subir ata a 1ª planta do centro á súa aula. 4º AC: polo vestíbulo para subir ás súas aulas na 1ª planta. 4ºB, 5º ABC e 6º AB: pola porta de emerxencia de E. Infantil para subir ata a 2ª planta do centro.</p> <p>OBSERVACIÓNS: Cada un dos autobuses de cada ruta irán parando diante do portalón e neste sitio baixará o alumnado. Ata que non termine de baixar o alumnado, o resto dos autobuses esperará a súa quenda, permanecendo o alumnado, ata entón, sentado dentro de cada autobús.</p> <p>O alumnado de casa entrará polo portalón de casa e accederá ao colexio polos mesmos accesos que o transportado.</p> <p>SAÍDA:</p> <p>O alumnado non transportado (Os luns): Ás 15:20 h. o alumnado de EI e EP sae pola porta lateral de saída ao pavillón ata a zona do pavillón.</p> <p>O alumnado non transportado (Os martes, mércores, xoves e venres) Ás 15:30 h. o alumnado de EI, EP sae pola porta lateral de saída ao pavillón ata a zona do pavillón.</p> <p>O alumnado transportado (Os luns): Ás 16:20 h. o alumnado de EI e Educación primaria sae polo vestíbulo, atravesa o patio cuberto, e sae polo portalón do bus para dirixirse a cada autobús.</p> <p>O alumnado transportado (Os martes, mércores, xoves e venres)</p>

	<p>Ás 15:20 h. o alumnado de EI e EP sae polo vestíbulo, atravesa o patio cuberto, e sae polo portalón do bus para dirixirse a cada autobús.</p> <p>O alumnado non transportado non usuario de comedor fará a súa saída de xeito escalonado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 14.15h: alumnado de Educación Infantil. - 14.20h: alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria. - 14.25h: alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria. - 14.30h: alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.
Horario de recreo	<p>De luns a venres:</p> <p>Educación Infantil: 11.10 a 11.40</p> <p>Educación primaria: 12.00 a 12.30.</p>
Espazo de recreo	<p>14 zonas: biblioteca, patio cuberto, patio semicuberto, patio de infantil, pista exterior 1 e 2, herba 1 e 2, zona de vivendas, 0,1, 2, e 3; e aula, pavillón 1 e 2 e varandas.</p> <p>Cada aula terá asignada unha zona do mesmo.</p>
Gardas de recreo	<p>Cada aula sairá ao patio acompañado do mestre/a asignado e haberá 5 mestres de reforzo.</p>
Acompañamento do alumnado	<p>Única e exclusivamente para 4º de Educación Infantil límitase a un acompañante por alumno no recinto escolar durante a entrada ao centro escolar.</p> <p>O alumnado de Educación Primaria non poderá acceder ao centro acompañado.</p>
Titorías	<p>Preferentemente telemáticas, aínda que de forma excepcional se permiten as presenciais coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación e segundo as restricións de sanidade vixentes.</p> <p>As reunións de inicio de curso serán presenciais (ver táboa máis abaixo).</p> <ul style="list-style-type: none"> - En Educación Infantil: 1 grupo empregando un espazo amplo do centro (comedor e/ou aula de psicomotricidade) - Educación Primaria: faranse dúas quendas por aula.
Biblioteca	<p>Funcionará coas normas de uso indicadas no Protocolo.</p> <p>Empregarase como unha das zonas de recreo por un grupo de aula.</p> <p>Seguirán as actividades habituais coas modificacións necesarias segundo constan no Protocolo.</p>

<p>Aula de informática</p>	<p>Utilizarase por quendas polo alumnado que non dispoña de ordenadores E-Dixgal ou Abalar.</p> <p>Serán os mestres, xunto co alumnado, os responsables de limpar o material usado.</p>
<p>Uso de aseos</p>	<p>Restrínxese o aforo ao 50%, para o que se empregarán sinais visuais. Serán mixtos.</p> <p>Cada corredor empregará o aseo máis próximo.</p>
<p>Circulación polo centro</p>	<p>Os desprazamentos serán sempre seguindo a sinalética colocada no chan. Subirase por unhas escaleiras e baixarase polas outras.</p>
<p>Actividades interniveis</p>	<p>Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel, nin grupo de convivencia.</p>
<p>Comedor</p>	<p>Organizaranse 1 quenda de comedor.</p> <p>O alumnado de Educación Infantil comezará a comer ás 14.00, unha vez que rematen volverán ás súas aulas.</p> <p>O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria empezará ás 14.15 e cando rematen volverán ás súas aulas.</p> <p>O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º baixará ao comedor unha vez que saia o alumnado que non fai uso do comedor, aproximadamente ás 14.35 – 14.40.</p> <p>O alumnado comerá por grupos de convivencia estable. Os grupos de convivencia estable estarán separados entre si por mamparas.</p> <p>Todo o alumnado terá un sitio fixo.</p> <p>Cada aula contará cunha colaboradora.</p> <p>Será imprescindible que o alumnado respecte as normas establecidas en dito servizo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desinfectar as mans na entrada e na saída ao comedor. - Ter a máscara posta, só a pode sacar no momento de comer. - Manter un ton de voz axeitado. - Seguir as instrucións dadas polas persoas que exercen a vixianza.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións, o desenvolvemento do plan de actuación, a organización do centro e presentarse, os titores realizarán unha primeira reunión presencial en grupos reducidos e por quendas respectando os seguintes puntos:

- Un único asistente por alumno/a e sen o alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1 m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Procederáse á debida desinfección das aulas nas que se celebren coas medidas establecidas tanto no protocolo de adaptación ao entorno escolar pola Covid-19, coma polas autoridades sanitarias.
- A ventilación da aula será de 15 minutos entre a primeira e a segunda quenda.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

CURSO	QUENDA	DÍA	HORA	LUGAR(ACCESO AO CENTRO)
4º EI A	1	3 SET	13.00	AULA DE PSICOMOTRICIDADE
4º EI B	1	3 SET	12.30	COMEDOR PEQUENO
5º EI A	1	7 SET	16.15	COMEDOR PEQUENO
5º EI B	1	7 SET	16.00	AULA DE PSICOMOTRICIDADE
6º EI A	1	6 SET	11.00	COMEDOR PEQUENO
6º EI B	1	15 SET	16.00	AULA PSICOMOTRICIDADE
1º EP A	1ª	23 SET	16.00 – 16.45	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	23 SET	17.00 – 17.45	AULA (VESTÍBULO)
1º EP B	1ª	23 SET	16.15- 17.00	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	23 SET	17.15 – 18.00	AULA (VESTÍBULO)
2º EP A	1ª	28 SET	16.00 – 16.45	AULA (ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DE PATIO CUBERTO)
	2ª	28 SET	17.00 – 17.45	AULA (ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DE PATIO CUBERTO)
2º EP B	1ª	28 SET	16.15- 17.00	AULA (ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DE PATIO CUBERTO)
	2ª	28 SET	17.15 – 18.00	AULA (ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DE PATIO CUBERTO)
3º EP A	1ª	24 SET	16.00 – 16.45	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	24 SET	17.00 – 17.45	AULA (VESTÍBULO)
3º EP B		24 SET	16.15- 17.00	AULA (VESTÍBULO)
		24 SET		

4º EP A	1ª	30 SET	16.00 – 16.45	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	30 SET	17.00 – 17.45	AULA (VESTÍBULO)
4º EP B	1ª	30 SET	16.15- 17.00	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
	2ª	30 SET	17.15 – 18.00	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
4º EP C	1ª	30 SET	16.30 – 17.15	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	30 SET	17.30- 18.15	AULA (VESTÍBULO)
5º EP A	1ª	21 SET	16.15- 17.00	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
	2ª	21 SET	17.15 – 18.00	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
5º EP B	1ª	21 SET	16.30- 17.15	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	21 SET	17.30 – 18.15	AULA (VESTÍBULO)
5º EP C	1ª	21 SET	16.00- 16.45	AULA (VESTÍBULO)
	2ª	21 SET	17.00 – 17.45	AULA (VESTÍBULO)
6º EP A	1ª	22 SET	16.15- 17.15	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
	2ª	22 SET	17.30 – 18.30	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
6º EP B	1ª	22 SET	16.00- 17.00	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)
	2ª	22 SET	17.15 – 18.15	AULA (PORTA DE EMERXENCIA DE INFANTIL)

O **primeiro día lectivo** haberá mestres/as no patio que irán indicando as entradas e saídas ao alumnado.

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará co seu titor/a as dúas primeiras sesións e a partir da terceira levarase a cabo o horario establecido para cada aula. O titor/a será o encargado/a de informar e/ou recordar as normas de organización e funcionamento do protocolo COVID-19.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Separar as entradas e saídas do alumnado.
 - Sinalar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer quendas de recreo. Dividir o patio para que cada grupo aula dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos.
- Distancia social:
 - Evitar situacións de contacto físico entre os grupos de convivencia estable.
- Material escolar: O alumnado traerá o seu material escolar individual e intransferible onde incluírá: xel hidroalcohólico e máscara de recambio.
- Termómetros: Haberá termómetros con acceso fácil e rápido, repartidos polo centro da seguinte forma: na biblioteca, espazo maker, no aseo público, conserxaría e aula de illamento.

Responsabilidade individual:

- O Profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir traballar con sintomatoloxía compatible coa Covid-19.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa Covid-19, para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga

severa ou diarrea. **Deberán entregar unha declaración responsable asinada do compromiso anterior.**

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza da mañá aumentando o horario.
 - Levar a cabo desinfeccións dos aseos 2 veces pola mañá.
 - Facer limpeza de corredores, entradas e pasamáns pola mañá.
 - Mantense a limpeza habitual do centro polas tardes.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos aseos.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
 - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel e papeleiras con tapa para os residuos Covid. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
 - Exemplo: antes de usar un ordenador debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e o rato, accións que debo repetir cando finalice o seu uso.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
 - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser

receptora de gotículas e o xeito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras inclinadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos.
 - Panos desbotables: nos aseos, aulas e zonas común.
 - Solución desinfectante: nas aulas.
 - Papeleiras con tapa: en todas as aulas, aseos e espazos comúns.

Protección:

- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso recomendable para o alumnado de EI en zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de 6 anos en diante.
 - Uso obrigatorio por parte de todo o alumnado no transporte escolar e no comedor escolar.
- Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible (Audición e linguaxe)
 - Uso obrigatorio para aquel alumnado que por cuestión de saúde non poidan levar máscara.
- Mamparas:
 - Para levar a cabo trámites coas familias instaláronse en: administración, conserxería, aulas PT, AL e Orientación.
 - Hai mamparas nos comedores para separar os diferentes grupos estables.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O centro contará cun plan de continxencia, que estará a disposición da comunidade educativa, a ter en conta en caso de que un alumno ou aula sexa confinado.

Os cursos de 3º e 4º de Educación primaria utilizarán a aula virtual, nos grupos inferiores (Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria) quedará a discreción do equipo docente de establecer comunicación ben a través da aula virtual ou doutra canle. Os niveis de 5º e 6º de Educación primaria empregarán os libros dixitais de EDIXGAL.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é a seguinte:

- **Acceso á aula virtual.**
- **Acceso aos diferentes cursos / áreas** nos que estea matriculado/a.
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual.
- Consulta de cualificacións e comentarios.

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar
Educación infantil	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)
Educación infantil	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder)
Educación infantil	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa
1º a 4º de primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)
1º a 4º de primaria	Acceder á aula virtual e curso correspondente.	Colexio e casa (detectar dificultades)
1º a 4º de primaria	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa
2º a 4º de primaria	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa
2º e 4º de primaria	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa
5º e 6º de primaria	Uso de E-Dixgal	Colexio e casa
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On- line (Casa)

- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.

Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal

Teléfono: comunicación directa e inmediata a través do número de teléfono 881880446.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TIC.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que deberanse levar a cabo:

O primeiro mes de curso traballárase co alumnado para que aprenda o seu funcionamento ou repasar como funcionaba. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos, enlaces, tutoriais) que despois se empreguen nas sesións presenciais

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixeirar as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.